

TAREFA 1. LOCALIZACIÓN

O primeiro paso será escoller a **localidade** onde ides abrir o restaurante. Tede en conta que o vosa empresa de restauración está orientada ao turismo, por iso debedes escoller un lugar no que este sector teña un gran peso económico.



Actividades

1	➡ Para poder decidir onde ides localizar o voso restaurante, empregade a páxina do IGE (Instituto Galego de Estatística) onde atoparedes os datos do sector turístico en Galicia.  Analizade táboas e mapas e decidide a mellor comarca para o negocio.  Instituto Galego de Estatística: IGE -
2	➡ Para apuntar a vosa escolla e sinalar a localización do restaurante aos futuros clientes, precisades un mapa.  Creade un mapa e sinalade o lugar escollido coa aplicación Mymaps.  Precisaredes: - Unha conta de gmail. - Titorial Mymaps: https://www.youtube.com/watch?v=N_DldC07iFw  Mymaps: https://www.google.com/maps/d/
3	➡ Co obxectivo de poder explicarlles aos clientes como chegar, debedes sinalar a localización do voso restaurante na cidade ou vila escollida.  Creade unha etiqueta no Mymaps onde se inclúa o <u>nome</u> do restaurante e a súa <u>latitude</u> e <u>lonxitude</u>: • Tedes esta información na esquina inferior esquerda da etiqueta. • Debedes copiala no cadrado principal.
4	➡ Enviade o mapa á tarefa correspondente da Aula Virtual: 1) Dádelle a "compartir" no voso mapa. 2) Copiade a lizagón resultante e pegádea na "Tarefa 1. Localización".



Avaliación

1.	O traballo non foi entregado.
2.	Sínálase un lugar, pero non está relacionado cos datos do IGE.
3.	Sínálase un lugar, pero fáltalle a etiqueta.

4.	Sínálase un lugar, pero á etiqueta fáltalle un dos aspectos ou están errados.
5.	Todos os contidos do traballo son correctos.